


Lector de pantalla e “Magnificador” Orca

O programa Orca permite as persoas con discapacidade visual ou cegueira, e tamén as persoas con deficiencias motoras, manexarse no entorno do seu ordenador,. Usa unha combinación de voz, braille e ampliación.

No ámbito da Orca se chama "Magnificador" ao modo de lupa que permite ver o que está na pantalla nese momento con unha ampliación moi elevada.

Para entrar neste programa ten que premer no panel superior da área de traballo no menú **Aplicacións** → **Accesibilidade** → **Lector de pantalla e Magnificador (Orca)**.



Tras a entrada no programa, o primeiro que aparece na pantalla é unha fiestra de terminal para configurar os datos básicos do programa:

- Servidor de voz: Nesta sección, ten que escoller a opción 2 Festival Gnome Speech Driver (Controlador de Fala).
- Voz: opción de seleccionar o idioma axeitado
- E nas outras seccións escoller as opcións que se axeitan a vostede.

```
Terminal
Archivo  Editar  Ver  Terminal  Solapas  Ayuda
Bienvenido a la configuración de Orca.
Seleccione el servidor de voz deseado.
1. eSpeak GNOME Speech Driver
2. Festival GNOME Speech Driver
Introduzca una elección: 2
Seleccione la voz deseada:
1. JuntaDeAndalucia_es_sf_diphone (spanish)
2. JuntaDeAndalucia_es_pa_diphone (spanish)
Introduzca una elección: 1
¿Activar eco por palabras? Introduzca s o n: n
¿Activar eco de teclas? Introduzca s o n: n
Seleccione la distribución de teclado deseada.
1. Sobremesa
2. Portátil
Introduzca una elección: 1
¿Activar braille? Introduzca s o n: s
¿Activar monitor braille? Introduzca s o n: s
El soporte para accesibilidad en GNOME acaba de ser activado.
Necesita salir y entrar de nuevo para que los cambios tengan efecto.
¿Quiere salir ahora? Introduzca s o n:
```

Cando se sae do modo de terminal e se abra o programa de novo, xa se pode ver a xanela principal de Orca.




As persoas con discapacidade visual ou cegueira teñen dificultade para ler textos, ver imaxes na pantalla e realizar tarefas que esixen coordinación entre mans e ollos, tales coma mover o rato.

ORCA incorpora dúas ferramentas para axudar neste tipo de deficiencias:

- **Lector de pantalla:** permite o acceso non visual aos programas no escritorio a través da voz e saída Braille. Describe a información da pantalla como voz ou a mostra no lector de braille. Só se pode traducir información baseada no texto. Os gráficos poden ser traducidos se existe un texto alternativo que describe as imaxes.

Para activar o lector de pantalla e configurar as súas opcións, ten que premer no botón **Preferencias** da ventá principal de Orca, e seleccionar a pestana de voz.



En primeiro lugar, marcar a caixa de verificación **Activar Voz**, e vese como aparecen activas todas as outras opcións.

Recomendamos que non modifique as opcións do **Sistema para Voz**, **Sintetizador de Voz**, **Configuración de Voz** e **Persoa**, xa que veñen configuradas por defecto e son as opcións que se seleccionaron anteriormente no terminal.

Pero pódese cambiar a velocidade, ton e volume da voz e poñela a maneira propia.

Nas tres seccións seguintes ímonos atopar con:

Nivel de Puntuación: refírese á medida na que se quere que a voz informe sobre os signos de puntuación que aparecen no texto, tales como puntos, comas, asteriscos, parénteses, dous puntos, guións, etc ...

Cantidade de información: Se prefires que a voz ofrezca unha breve información sobre o que aparece na pantalla, ou unha información máis estendida.

Lectura da fila da táboa: para que cando aparece unha táboa na pantalla se poida escoller se se quere ler a información por celas ou por filas.

Nas seguintes opcións marcar a caixa de verificación correspondente se se prefire:

-Que lea as actualizacións da barra de progreso, é dicir, relata, por exemplo, como vai o proceso de carga dunha páxina, un programa, ...

-Que comunique as sangrías e xustificacións que atopan no texto.


-Ou que diferencie as liñas en branco das que están escritas.

Na última opción desta fiestra **Ler todo por:**, pode escoller entre que a voz lea por frases ou por liñas.

Para axustar as opcións de **braille**, tes que premer no botón **Preferencias** e entrar na pestana **Braille**.




Na xanela que se abre, se debe marcar as **caixas de verificación** para as opcións: **Activar soporte braille** e **Activar monitor de braille**, e vai aparecer a pantalla de braille a altura do panel superior do escritorio.




- **Magnificador (Lupa):** Ofrece un seguimento automático dunha lupa de ampliación á pantalla completa para axudar os usuarios con discapacidade visual. Ao usalo, controlase que parte da pantalla do ordenador se quere ampliar e se pode mover o foco para ver diferentes áreas da pantalla.

Para configurar a lupa, hai que premer no botón **Preferencias** e entrar na pestana **Magnificador**.



En primeiro lugar, marcar a caixa de verificación **Activar Magnificador**. A continuación, a pantalla aparecerá de xeito estendido, e a elección do resto das opcións se farán xa neste formato.



Se pode modificar, por exemplo:

- **Factor de escala do ampliador:** é dicir, pódese especificar a ampliación da lupa.

- **A posición da lupa:** se queres ver a pantalla ampliada completa, só na parte superior, inferior, na metade dereita, ...

- Configuración do bordo da pantalla.

- Activar ou desactivar o cursor: seleccionando o seu tamaño e cor.

- Modificar a configuración da cruz: refírese a unha cruz de liñas negras grosas e un rato no centro, que aparece na pantalla para axudar a navegar e colocarse sobre os elementos. Ai que lembrar, que o rato normal tamén aparece para axudar a moverse, pero para a acción de premer se terá que utilizar o rato da cruz.

Coma se ve, hai moitas opcións que ofrece o magnificador para que se poida configurar a gusto e se axuste o máis posible as necesidades persoais de cada quen.

No seguinte hipervínculo hai un vídeotutorial moi interesante

<http://youtu.be/HZV5KGpgpjo>